

## **SOCIAIS 2º. O PASO DO TEMPO (15-19 XUÑO)**

### **OS RELOXOS DE AUGA**

**As clepsidras ou reloxos de auga inventáronse na época dos exipcios, hai moitísimos anos. Usábanse sobre todo durante a noite, cando os reloxos de sol non podían funcionar.**

**As clepsidras estaban formadas por dous recipientes, un na parte de arriba, cun burato pequeño, e outro na parte de abaixo. O de arriba enchíase de auga, e esta saía gota a gota polo buratiño e caía ao recipiente de abaixo, que estaba marcado con varias raias. Cada raias indicaba a cantidade de tempo transcorrido.**

**A clepsidra utilizábase, por exemplo, para contar as longas horas que debía pasar un soldado facendo garda no palacio do faraón. Tamén se usaba nos xuízos para controlar o tempo que podía estar falando unha persoa.**

**1.- Corrixe as seguintes afirmacións falsas a partir dos datos do texto.**

- a) Na época dos exipcios había reloxos de sol e reloxos de auga ou clemátides.**
- b) Os reloxos de sol utilizábanse pola noite e os reloxos de auga durante o día.**
- c) A clepsidra servía para contar as semanas.**

**a).....**

.....

**b).....**

.....

**c).....**

**2.- Por que non se pode utilizar un reloxo de sol pola noite?**

.....  
.....

**3.- Que cres que pasaba coa clepsidra se se esgotaba a auga do recipiente de arriba?**

.....  
.....

**4.- Cres que é importante saber que hora é? Por que?**

.....  
.....

**5.- Cando necesitas saber ti que hora é? Escribe algúns exemplos.**

.....  
.....

**6.- Arrodea en cada caso o que corresponda.**

**PRESENTE :**

- É o que pasou antes.
- É o que sucede agora.
- É o que ocorrerá despois.

## **PASADO**

- É o que pasou antes.
- É o que sucede agora.
- É o que ocorrerá despois.

## **7.- Le e marca.**

**Que información aparece nun calendario?**

..... os días da semana

.....as horas

.....os meses

.....o ano

**Que información aparece nun reloxo?**

.....as horas

.....os segundos

.....os días

.....os minutos

## **8.- Escribe onde corresponda.**

mes      semana      día      hora      ano

Un .....ten 12 meses.

Un.....ten 31,30 ou 28 días.

Unha .....ten 7 días.

Un.....ten 24 horas.

Unha .....ten 60 minutos.

